

Estimado Sr/a Director/a:

Saúdos dende o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Voltamos un ano máis para animarvos a participar no noso programa: **“Coñece as Illas Atlánticas”**.

O Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia é o único Parque Nacional na nosa Comunidade Autónoma, recoñecido coa máis alta categoría de protección a nivel nacional polos seus valores naturais e culturais. Comprende os arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada e as augas do seu contorno.

A protección deste espazo é tarefa de toda a sociedade, de aí a importancia da divulgación dos seus valores. A necesidade da súa conservación debe incentivar en nós a curiosidade polo seu coñecemento, coa finalidade de lograr unha maior implicación nesta protección.

Neste senso é prioritario para os responsables do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia achegar estes valores aos nenos e xoves da comunidade galega, especialmente a aqueles do entorno próximo. Con esta fin organízase o programa **“Coñece as Illas Atlánticas”**.



### **“COÑECE AS ILLAS ATLÁNTICAS”**

O obxectivo principal deste programa de educación ambiental é dar a coñecer este entorno natural aos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria, dun xeito ameno e cunha metodoloxía o máis participativa posible.

As actividades das que consta o programa realízanse nunha xornada (hora e media), na que os guías do Parque Nacional acoden ao Centro Educativo que previamente solicitou a súa participación. Toda a información relativa á execución do programa educativo e ás condicións para participar relaciónanse no documento que se achega.

O programa desenvolverase no mes de febreiro de 2010, polo que o prazo de presentación de solicitudes será **do 1 ao 22 de decembro de 2010**, ambos os dous incluídos. Pódense enviar por correo ordinario, fax ou correo electrónico as direccións que figuran no pé de páxina.

Agardando que o seu centro sexa o noso próximo participante, reciba un cordial saúdo.

José Antonio Fernández Bouzas  
Director Conservador do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.